



## **PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

### **1. OBXECTO**

O obxecto deste prego é describir os traballos e fixar as condicións técnicas que han servir de base para a contratación da prestación dos servizos que se integran no programa de axuda no fogar (SAF) na Mancomunidad Voluntaria de Municipios da Comarca de Ordes.

### **2. CARACTERÍSTICAS E PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA OBXECTO DO PRESENTE CONTRATO**

Os contidos e as condicións que debe cumprir a prestación do servizo de axuda no fogar están regulados na seguinte normativa:

- A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- A Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.
- O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia.
- O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
- O Decreto 148/2014, de 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- A Orde do 19 de abril de 2013 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, pola que se regula o procedemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento.
- A Orde do 31 de maio de 2016 pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.

A Mancomunidad de Ordes, adaptándose á normativa estatal e autonómica en vigor, aprobou a seguinte ordenanza que afecta ao SAF:

- A Ordenanza do servizo de axuda no fogar da Mancomunidad de Ordes (publicada no BOP núm. 113, do 16/06/2014)



Así, e en consonancia coa lexislación vixente na materia, hai que ter en conta que esta prestación, tanto na modalidade de **prestación básica** (ou por libre concorrencia) **como na dirixida ás persoas en situación de dependencia**, ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar, perseguindo co seu carácter preventivo, socioeducativo, asistencial e integrados, os seguintes obxectivos:

- Garantir os dereitos das persoas en situación de dependencia, nos termos sinalados na Lei 39/2006 e demais decretos e normas que a desenvolven.
- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- Retardar ou evitar, na medida do posible, a institucionalización.
- Implicar as persoas destinatarias do servizo na resolución da súa problemática persoal e/ou familiar.

O SAF, nas súas dúas modalidades (libre concorrencia e dependencia), non exime ás familias das súas responsabilidades, e polo tanto non eliminará nin substituirá as actividades que as persoas beneficiarias do servizo poidan realizar. Proporcionaralles ás persoas beneficiarias do mesmo a posibilidade de continuar no seu contorno natural mentres isto sexa posible e conveniente.

Non obstante, de forma xenérica, son persoas destinatarias do SAF:

- Persoas con resolución de grao de dependencia e que teñan asignado o SAF na correspondente resolución do Programa individual de atención, de acordo co Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, modificado polo Decreto 99/2012, do 16 de marzo (modificado polo Decreto 148/2014) e o Decreto 149/2013, do 5 de setembro.
- Persoas maiores, sen recoñecemento de grao de dependencia e que carezan de apoios no domicilio, e para as que este servizo poida significar a súa continuidade no fogar coas súas necesidades básicas plenamente cubertas.
- Familias con anciáns, persoas con discapacidade ou enfermidades crónicas ao seu cargo que precisen axuda para atendelas e non dispoñan do recoñecemento de grao de dependencia ou que tendo realizada a súa solicitude non estea resolta no momento de solicitar o SAF.
- Fogares con menores nos que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo, ou familias en grave estado de desestruturación ou en alto risco de padecela, sempre en colaboración e baixo os criterios do programa de educación familiar.
- En xeral, cando exista unha situación de desatención familiar ou persoal, avaliada tecnicamente e que xustifique a intervención do servizo.



De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais da Mancomunidad de Ordes, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de **atencións de carácter básico**:

**A) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:**

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e na hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

**B) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:**

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común, con cargo á persoa usuaria.
- Preparación de alimentos.
- Lavado e coidado das pezas de vestir (pasar o ferro, tender e recoller roupa, ordenar armarios...). No caso de programas específicos de lavandería serán por conta da empresa adxudicataria.
- Coidados básicos da vivenda.

**C) Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria, tales como:**

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

**D) Atencións de carácter psicosocial e educativo:** intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a convivencia e a integración na comunidade, así como á mellora da estruturación familiar. Con carácter xeral cítanse as seguintes:

- Soporte a familias con problemas de relacións ou de atención a menores en risco de exclusión.
- Asesoramento e formación de pais/nais.
- Apoio na relación co seu ámbito.
- Planificación e educación nos hábitos alimenticios.
- Apoio á súa organización doméstica.
- Apoio e orientación en cambios de dinámica familiar.



- Apoio na administración do presuposto familiar.
- Actividades dirixidas a fomentar a súa participación na comunidade e en actividades de lecer e tempo libre.
- Axuda na adquisición e no desenvolvemento de habilidades, capacidades e hábitos persoais e de convivencia.
- Aquelas outras que se valoren tecnicamente como realizables dentro do programa.

Unha vez garantido o nivel básico e sempre que supoñan un apoio á non institucionalización, vaian en beneficio do servizo e/ou dos seus resultados e sexa viable a súa posta en funcionamento, poderán incorporarse os seguintes tipos de atencións de **carácter complementario**:

- Servizo de axudas técnicas.
- Transporte asociado a servizos de acompañamento.
- Servizo de podoloxía.
- Servizo de perruquería.
- Servizo de fisioterapia.

A oferta destes servizos complementarios entenderase como unha mellora na oferta da prestación do SAF.

Como norma xeral, para o anteriormente descrito teranse en conta os seguintes criterios:

- Poderán integrarse ademais, dentro do SAF, determinadas atencións e actividades que se leven a cabo fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.
- En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.
- Para a realización destas actuacións, a persoa usuaria deberá proveerse dos medios necesarios (alimentos, artigos de hixiene e limpeza, electrodomésticos etc).
- Para cada persoa usuaria o/a técnico/a responsable enumerará no proxecto de intervención as accións que se deben realizar, excluindo implicitamente as restantes.

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo SAF:

- A realización de tarefas domésticas que non foran incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
- As actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal especializado.
- Tarefas de carácter extraordinario equivalentes a: limpeza de altos, limpeza xerais da vivenda, limpeza de zonas comunitarias exteriores á vivenda ou de mobles, habitáculos, roupa, comidas etc doutros membros da familia non beneficiarios directos da prestación.



### 3. FORMA DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

O inicio, procedemento e características do servizo deberá aterse ao establecido na ordenanza en vigor e demais normativa aplicable.

O persoal que pode intervir no servizo de axuda no fogar estará composto por profesionais e, de ser o caso, persoas voluntarias. En calquera caso intervirán no dito servizo os/as traballadores/as dos servizos sociais de atención primaria e os/as auxiliares de axuda no fogar, tendo o carácter de profesionais.

O mesmo carácter de profesional terán, no seu caso, os/as traballadores/as sociais da entidade xestora do servizo.

Aos/ás traballadores/as sociais de atención comunitaria corresponderanlles as seguintes funcións:

- a. A programación xeral do servizo.
- b. As xestións para o seu financiamento.
- c. A difusión-información do servizo.
- d. A organización da formación e o reciclaxe do persoal
- e. A avaliación das necesidades.
- f. A proposta de concesión/denegación do/s servizo/s, así como a formulación de propostas de ampliación ou redución deste/s.
- g. A valoración da idoneidade do persoal
- h. A programación de cada servizo en concreto.
- i. A estimulación para a autoaxuda e participación familiar.
- l. O estudo da demanda de información e atención das persoas solicitantes.
- m. A asignación e supervisión de tarefas.
- n. A coordinación do servizo con asociacións, institucións, profesionais e voluntariado.

Aos/ás traballadores/as sociais da empresa adxudicataria, sen prexuízo das funcións de control e dirección xeral do servizo que lles corresponderán, e en calquera caso aos órganos competentes da Mancomunidad, corresponderanlles as seguintes funcións:

- a. A recepción das demandas.
- b. A coordinación dos diferentes axentes que interveñen.
- c. O estímulo das responsabilidades das familias como cuidadoras primarias e o fomento da autoestima das persoas usuarias.
- d. A avaliación e o seguimento dos casos atendidos.

Aos/ás auxiliares de axuda no fogar corresponderanlles as seguintes funcións:

- a. Asistenciais, de atención persoal e doméstica, tanto co usuario/a como co seu contorno.
- b. De orientación/información en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.
- c. Educativas, potenciando o protagonismo do/a usuario/a, non substituíndoo naquelas tarefas que poida realizar por si mesmo/a e facilitándolle as canles de comunicación co seu contorno.
- d. De colaboración co/a traballador/a social na coordinación e avaliación do servizo.



No programa de axuda no fogar poderán intervir, a maiores, outros profesionais (educador/a familiar, psicólogo/a, animador/a sociocultural, persoal sanitario...), para cada caso cunha programación específica, elaborada para o efecto, e debidamente coordinada polos/as traballadores/as sociais, con mención dos obxectivos, metodoloxía e sistemas de avaliación en equipo.

Tamén poderán tomar parte no servizo os/as voluntarios/as, entendendo por tales aquelas persoas que actúan de forma solidaria, sen expectativas de remuneración económica e dentro do programa de intervención correspondente, complementando de forma coordinada as funcións e tarefas do persoal anteriormente descrito. Dado o seu carácter de relación interpersoal, de diversidade, flexibilidade de horarios e dispoñibilidade de tempo libre, as tarefas que poderán desempeñar serán:

- a. Compaña dentro e fóra do domicilio.
- b. Realización de xestións fóra do domicilio (compra, receitas, xestións simples coa administración...).
- c. Ocupación do tempo libre (xogos, entretemento, reforzo escolar...).
- d. Fomento de relacións.
- e. Calquera outra que, sendo acordada polo equipo responsable do/s servizo/s, non sexa necesariamente susceptible de responsabilidade por parte de profesionais.

Para os ditos efectos aterase ao disposto na Lei 3/2000, de 22 de decembro, do voluntariado de Galicia e na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

No caso de libre concorrência, o tempo de atención individual, que en todo caso estará condicionado á dispoñibilidade de recursos do servizo, determinarase pola necesidade que se xustifique en cada solicitude de acordo coa valoración técnica.

Para as persoas valoradas como dependentes dentro do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individual de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co plan de coidados individualizado, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, todos os días da semana, incluídos domingos e días festivos.

A intensidade do servizo determinarase con carácter xeral en horas diarias de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe do persoal técnico correspondente.

Asignado o servizo, a unidade técnica de servizos sociais comunicará por escrito a alta na prestación do servizo á empresa adxudicataria, determinando:

- Os datos relativos á/s persoa/s beneficiaria/s.
- Copia do proxecto de inserción asinado, que conterá os obxectivos expostos e o perfil do/as profesionais que se lle asignen.

O prazo de alta na prestación do servizo non poderá ser superior a sete días, unha vez así determinado pola unidade técnica de servizos sociais. Nos casos de urxencia o servizo deberá prestarse dentro das 48 horas seguintes á comunicación da dita unidade técnica.



O tempo de atención a cada persoa usuaria poderá ser modificado cando varíen as circunstancias persoais ou familiares, ou por necesidades da organización e dispoñibilidade do servizo de axuda no fogar, segundo sexa determinado polos servizos sociais da Mancomunidad de Municipios de Ordes, poñendo en coñecemento da modificación á empresa adxudicataria.

A empresa adxudicataria dará as instrucións precisas ao seu persoal, co obxecto de asignarlles as tarefas que lles correspondan en función dos criterios técnicos establecidos, sendo a responsable de realizar as propostas de distribución das persoas traballadoras, horario etc, tratando sempre de que existan os mínimos cambios na atención ás persoas usuarias co fin de evitar desorientacións e desaxustes na intimidade familiar.

A persoa que exerza de responsable técnica da empresa adxudicataria garantirá unha supervisión directa do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente informe individual de seguimento que será remitido á unidade técnica de servizos sociais.

O persoal técnico da Mancomunidad poderá en calquera momento comprobar a execución e calidade dos servizos prestados pola entidade prestadora, así como acadar información sobre a satisfacción das persoas usuarias sobre o desenvolvemento xeral do servizo.

O contratista remitirá á Mancomunidad de Municipios de Ordes antes do 15 de xaneiro de cada ano unha memoria do desenvolvemento do servizo seguindo os criterios que se fixarán polos servizos sociais municipais.

A entidade prestadora contará e facilitará ás persoas usuarias un Regulamento de funcionamento do servizo.

#### **4. OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA**

- a) Visita inicial e emisión de proposta do proxecto de intervención, que será validado pola traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios.
- b) Dispor das acreditacións outorgadas pola Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación do servizo de axuda no fogar conforme ao réxime e os requisitos funcionais e de persoal establecidos no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos Servizos Sociais de Galicia (artigos 6 e 7).
- c) Dotar o persoal auxiliar de axuda no fogar da cualificación e da formación profesional adecuadas co fin de dar cumprimento aos requisitos establecidos no decreto antes citado.
- d) Dispor dos medios persoais suficientes para satisfacer axeitadamente as esixencias do contrato, así como as axudas técnicas necesarias para a eficaz prestación do servizo adaptadas ás necesidades da persoa dependente.



- e) Garantir que o persoal auxiliar de axuda no fogar, no exercicio do seu labor profesional, vaia debidamente identificado, uniformado, dotado de material necesario e equipado dos medios de protección sinalados na normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.
- f) A empresa adxudicataria dará estrito cumprimento ao disposto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e, en especial, ás obrigas contidas nos artigos 9 e 12, así como a velar polo cumprimento dos seus traballadores/as en relación ao segredo profesional.
- g) Incrementar os medios persoais, materiais e técnicos, no caso de ampliación do número de persoas usuarias e horas de servizo durante a vixencia do contrato, asumindo os custos derivados da relación de dependencia do dito persoal, debendo dispor do persoal suficiente, en forma de reténs, co fin de cubrir as baixas sobrevidas e evitar atrasos nos servizos por demoras ou aumento do servizo.
- h) No caso de extrema e urxente necesidade, o servizo prestarase nun prazo máximo de 48 horas.
- i) A empresa adscribirá a cada usuario/a un/ha auxiliar de axuda no fogar, procurando os mínimos cambios na prestación do servizo, co fin de evitar desaxustes e desorientacións na intimidade familiar. No caso de que a empresa o precisase, comunicará de forma expresa e razoada a motivación do cambio e a súa incidencia na calidade do servizo.
- j) Deberá designar un/ha técnico/a responsable da coordinación do servizo, co cal se entenderán as comunicacións, as reunións de seguimento, avaliación e coordinación por parte do Concello e dos servizos sociais comunitarios. O/a coordinador/a estará permanentemente localizable en todo momento co fin de resolver cantas incidencias poidan producirse durante o desenvolvemento do servizo, e, para tales efectos, deberá dispor de conexión permanente cos servizos sociais da Mancomunidade mediante correo electrónico, fax, teléfono fixo e móbil.
- k) Achegar os partes mensuais das tarefas asinadas polas persoas beneficiarias do servizo, así como unha ficha de seguimento bimensual, onde se constate a marcha e o desenvolvemento do servizo, con indicación das incidencias e, no seu caso, propostas da empresa en relación co servizo prestado ao usuario/a. Ambos os dous documentos deberán elevarse ás reunións de seguimento e coordinación, co obxectivo de emitir un informe previo á facturación mensual do servizo.
- l) Cumprir as seguintes indicacións en canto á xornada do persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar:
  - O servizo de axuda no fogar prestarase os 365 días do ano (incluídos o 25 e o 31 de decembro).





MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA  
DE ORDES

---

(A CORUÑA)

- O persoal auxiliar realizará as tarefas de carácter persoal na primeira franxa horaria da mañá, especialmente a aqueles/as usuarios/as de atención especial.
  - O horario prescrito para a persoa beneficiaria cumprirase na súa totalidade, non contabilizándose os traslados do persoal aos domicilios.
  - As vacacións e situacións de baixa laboral do persoal auxiliar serán substituídas na súa totalidade, non afectando tal circunstancia á prestación do servizo.
  - O persoal auxiliar disporá, cando menos, dunha hora mensual para tarefas de seguimento e coordinación coa persoa responsable da coordinación do Concello ou servizos sociais comunitarios. A dita hora computarase como hora de traballo.
- m) Aquelas circunstancias que poidan vincularse a unha situación de violencia doméstica ou abandono de menores, anciáns ou persoas discapacitadas deberá dársele coñecemento, obrigatoriamente e de inmediato, á persoa responsable municipal do servizo de axuda no fogar.
- n) Prohibirles aos/ás seus traballadores/as aceptar calquera tipo de gratificación, doazón ou contraprestación económica por parte das persoas usuarias, así como dar calquera tipo de información de carácter persoal (tel. móbil).
- o) A empresa adjudicataria será responsable do seu cumprimento e deberán informar ao Departamento dos servizos sociais comunitarios de calquera situación desta natureza que se produza.
- p) En ningún caso o/a auxiliar de axuda a domicilio ou calquera outra persoa empregada ou profesional da entidade adjudicataria poderá entrar no domicilio da persoa usuaria sen consentimento do/a titular deste.
- q) A empresa licitadora non poderá encomendar a realización do servizo ao persoal que teña relación de parentesco coa persoa usuaria deste, ato o 2º grao de afinidade e o 3º de consanguinidade.
- r) A empresa será responsable da calidade técnica dos servizos realizados así como das consecuencias que se deduzan para a Mancomunidad ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas da execución do contrato. Serán por conta da adjudicataria as indemnizacións que se poidan reclamar por danos ou perdas con ocasión da prestación do servizo por causa imputable a ela ou ao persoal ao seu servizo.
- s) Será obriga da empresa dar as altas que se lle comuniquen dende a Mancomunidad, con carácter xeral nun prazo de 5 días naturais, salvo casos de urxencia determinados polos servizos sociais da Mancomunidad, nos que o prazo será como máximo de 24 horas.



- t) A empresa adjudicataria non poderá incorporar alumnos/as en período de prácticas sen a expresa autorización da unidade técnica de servizos sociais. O dito exercicio práctico en ningún caso poderá substituír un posto de traballo, debendo realizarse acompañado polo persoal profesional que exerza a prestación do servizo. Previamente á realización práctica, requirirase o libre e expreso consentimento da persoa beneficiaria.
- u) A empresa adjudicataria non poderá subcontratar a execución da prestación principal do servizo de axuda no fogar, entendendo por tal a atención regular e continuada realizada no fogar da persoa ou unidade de convivencia usuaria, en aplicación do proxecto de intervención deseñado para cada caso. Non obstante, poderanse subcontratar prestacións complementarias do servizo, entendendo por tales aquelas que teñan carácter non regular, as que se poidan executar fóra do domicilio e as que reforcen a atención regular por medios técnicos ou humanos especializados.

## 5. PROTECCIÓN DE DATOS

A entidade adjudicataria e o persoal ao seu servizo teñen a obriga do cumprimento estrito das normas vixentes en materia de protección e tratamento de datos de carácter persoal en relación coa realización do servizo e, así mesmo, ao respecto do segredo profesional.

Absterase, en calquera caso, de obter outros datos persoais dos/as usuarios/as distintos dos subministrados polo Departamento de servizos sociais.

## 6. RESPONSABILIDADE CIVIL

No caso de accidente ou de prexuízo de calquera xénero que lles ocorra aos/ás traballadores/as con ocasión do exercicio das súas funcións, a adjudicataria cumprirá co disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de xeito ningún á Mancomunidade.

Así mesmo, a adjudicataria será responsable dos danos e prexuízos que se lles provoquen ás persoas usuarias, á Mancomunidade ou a terceiras persoas con motivo da prestación do servizo. Para estes efectos deberá presentar, antes da sinatura do contrato, unha póliza de responsabilidade civil, por un importe mínimo de 600.000 €, que cubra os ditos danos, e unha póliza de seguro de accidentes por un importe de 250.000 €.

## 7. FORMA DE PAGAMENTO

O pago dos servizos do contrato efectuarase segundo ao estipulado no prego de cláusulas administrativas que rexerá a contratación do servizo de axuda no fogar.

A efecto de facturación terase en conta as seguintes consideracións:

A entidade presentará a factura na Mancomunidade de Ordes, a mes vencido, nos primeiros 5 días hábiles do mes seguinte.

As ditas facturas achegaranse como anexos:



- Unha relación nominal das persoas usuarias atendidas na mensualidade, con detalle dos servizos prestados a cada unha delas.
- Unha copia dos partes de incidencias.

#### **8. MEDIDAS EN CASO DE FOLGA**

No suposto eventual de folga xeral ou folga no sector ou na empresa á que pertencen os/as traballadores/as adscritos/as ao servizo, a adxudicataria comprométese a manter informada á Mancomunidade das incidencias, coordinando con ela os servizos mínimos.

En caso de folga dos/as traballadores/as da empresa adxudicataria, deberán garantir os servizos mínimos dirixidos a cubrir as necesidades básicas das persoas usuarias e, en especial, das atencións de carácter persoal das persoas dependentes nos graos III-2/1 e II-2. Unha vez finalizada, deberá presentar, no prazo máximo dunha semana, un informe- coa conformidade da persoa coordinadora do servizo -no que se indiquen os servizos mínimos realizados e o número de horas ou servizos que se deixaron de realizar. Unha vez comprobados os incumprimentos producidos como consecuencia da dita folga, a entidade municipal valorará as deducións que correspondan na factura. Esta valoración comunicaráselle por escrito á empresa contratista.

Na factura correspondente ao período só se incluírán as horas realizadas, co custo unitario de cada unha delas.